



XESÚS SANXUÁS FORMOSO

Avogado en Vigo. Foi secretario da Agrupación Cultural O Galo de Compostela na década dos sesenta

► Mozas e mozos da asociación cultural O Galo

De esquerda a dereita de arriba a abaixo: Antón Santamaría, Luz Rei, Llanos García Castellanos, María do Carme San León, Juani de Castro, Carme Ríos Panise, Helena López Prado, Manoli Corral, Xesús García Devesa e Ovidio Álvarez Santamaría. Compostela, 1965

A Agrupación Cultural O Galo

A época franquista que ven sendo como se chama o noso feixismo, tiña prohibidas as asociacións fora do Movemento Nacional ou aquelas que tentasen establecerse á marxe as canles establecidas e controladas polo Ministerio da Gobernación. Malia iso, a principios da década dos sesenta un fato de persoas en Compostela entre os que se atopaban Bodaño, Orxales, Maside, Cores e Aurichu Pereira, baseándose no Decreto de 25 de xaneiro de 1941 e retorcendo o alí disposto, argallaron en 1961 crear unha asociación para difundir e defender a lingua e a cultura galega que practicamente estaba desaparecida e condenada ó ostracismo dende 1939. A asociación foi bautizada co nome de «O Galo» en memoria dun libro do poeta pontevedrés Luis Amado Carballo titulado *O galo e outros poemas* editado por Nós na Cruña en 1928. Foi Aurichu, unha das poucas mulleres que neses intres estaban comprometidas na defensa dos nosos valores galeguistas, de quen xurdiu a idea do nome en lembranza do devandito poeta, que foi aceptado sen controversia ningunha polos fundadores.



© Arquivo persoal de Luz Rei


O debuxo é de Ventura Cores, e representa un galo erguido, cun peito varudo e potente que semella feito para resistir os embates das ondas entangañadas que daquela e aínda hoxe seguen a cubrir a nosa terra ó mesmo tempo que, ollando para esquerda semella anunciar o espertar do día.

O primeiro ano O Galo estivo funcionando dun xeito alegal e sen estar aprobada a asociación pois nin sequera había estatutos, cousa que non impediu que se iniciasen as primeiras actividades e das que quizais a máis salientable foi precisamente a

«O primeiro ano O Galo estivo funcionando dun xeito alegal e sen estar aprobada a asociación pois nin sequera había estatutos, cousa que non impediu que se iniciasen as primeiras actividades»

primeira exposición no Hostal no ano 1961 de 20 Pintores Galegos, onde se deron a coñecer os pintores máis importantes que había naquel entón, algúns dos cales como Xaime Quesada deixaron a súa pegada nesa exposición pola súa destreza e harmonía.

Até o ano 1962 O Galo estivo funcionando sen ter cobertura legal, e foi precisamente neste ano ó amparo do Decreto de 1941, cando se elixe a primeira directiva formada fundamentalmente polos socios fundadores. Directiva que só durou un ano, logo foi elixida outra, que tamén durou outro ano, pois ó seguinte en 1964 volta ser renovada totalmente entrando xente nova ficando da directiva antiga unicamente Antón Santamarina. Esta directiva só durou un día pois ó día seguinte Fontenla, que tiña o Libro de Actas, chamoume para facer unha nova acta pois, segundo dixo, había que nomear unha nova directiva e mandala ó Goberno Civil, non lembro con que desculpa e sen máis explicacións, alí no Café Español da Rúa do Vilar, onde adoitabamos facer as tertulias, ditoume a composición da nova directiva, e fixo constar no inicio da



Xantar homenaxe a Otero Pedraio organizado polo Galo. Santiago de Compostela, 1962. Imaxe publicada no libro *Do Gaudeamus igitur ao venceremos nos. As mobilizacións estudantis no 68 compostelán*, editado pola Fundación 10 de marzo

acta algo semellante a: «Reunidos no Hostal dos Reis Católicos...». Así foi como dun día para outro desapareceu a anterior directiva por obra daquel personaxe e entrei eu como secretario da asociación. Esta nova directiva durou algo máis dun ano, até finais de 1965. Quizais esta etapa foi na que O Galo tivo maior actividade e multiplicou ó mesmo tempo o número de socios.

En 1964 o Goberno empezou elaborar un anteproxecto dunha nova Lei de asociacións e derogou o Decreto de 1941, e aínda que non entrou en vigor até abril de 1965, iniciábase aparentemente unha etapa aperturista que facilitou que inzaran por toda a xeografía galega e colleran pulo, novas asociacións culturais (O Facho, A. Cultural de Vigo, Posío de Ourense, Auriense, Abrente de Ribadavia...)

Esta nova lei tampouco permitía actividades contrarias ós Principios Fundamentais do Movemento, nin que atentasen contra a orde pública ou fosen un perigo para a «Sagrada Unidada de España», porén a policía seguía tendo un control das asociacións, polo risco que podía supoñer a creación de grupos antisistema.

Para ser legalizada a asociación tiña que cumprir uns requisitos, entre eles que os fins perseguidos fosen lícitos. Con este requisito abríase un abano moi amplo para poder programar actividades tendentes a dignificar a lingua e a nosa cultura, que eran os aspectos máis sobranceiros sobor dos que incidían todas as asociacións.

A tarefa da asociación era a resistencia cultural: reivindicar, contribuír e fomentar actividades culturais a prol fundamentalmente da lingua, tanto tempo acubillada nos fogares, reivindicada só alén mar polos galeguistas fuxidos da guerra. Eran anos, xa

que logo, de negación de todo o que non fose cultura española que abranguíra todos os aspectos cotiáns e deixaba ermo o seu redor. Por citar un exemplo dabondo significativo nin sequera a Real Academia Galega escribía integramente en galego o seu boletín.

Naquel contexto de españolismo abafante O Galo iniciaba un percorrido máis amplo en defensa dos nosos valores programando actividades culturais, pois malia que estaban sometidas á autoridade gubernativa, que a través dos seus representantes policiais tiñan o control do que se facía e dicía, este control xa non era tan ríxido como nos anos anteriores, polo menos aparentemente pois imperaba o *laissez faire* se non se producía moito balbordo e non se molestaba demasiado.

Así pouco a pouco íanse abrindo fendas nas estruturas nas que se albiscaba un lene e tímido inicio de troco do poder autoritario polas que o galeguismo da posguerra tentaba agromar.

Foi precisamente neste tempo cando O Galo por mor do traballo desenvolvido acolleu o maior número de socios, tanto protectores como de número. Socios que ó rematar o curso e retornar as

«A tarefa da asociación era a resistencia cultural: reivindicar, contribuír e fomentar actividades culturais a prol fundamentalmente da lingua»



Palestra de Vicente Risco no Hostal dos Reis Católicos coa que O Galo arrancou as súas actividades. Santiago de Compostela, 1961. Fotografía publicada no libro *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*

súas moradas integráranse nas asociacións de cadansúas cidades e sobor de todo no Facho e na Asociación Cultural de Vigo.

É unha obriga lembrar a D. Octavio Sanmartín, un home bo e xeneroso, que sempre nos recibía e atendía cos brazos abertos e, o que era máis importante para a asociación, que sempre andaba escasa de medios, pagaba puntualmente sen fallos a cota de socio protector. Por iso cando no mes de maio de 1965, se convocou en Compostela a peregrinación da mocidade galega para tentar apertar á xerarquía da Igrexa no uso do galego na liturxia, D. Octavio foi o único invitado a participar nela, malia que non se podía dicir que formase parte da mocidade e así nos acompañou en todo o percorrido e tamén na foto que se tirou ó remate.

Non vou enumerar todos e cada un dos actos culturais e múltiples actividades que levou a cabo O Galo, perante os anos nos que eu pertencín á directiva, xa que foron minuciosa e esplendidamente relatados por quen podemos nomear o seu cronista oficial, refírome ó filólogo e humanista Antón Santamarina que nas súas publicacións relatou

cumpridamente as tarefas de actos divulgativos e de concienciación levadas a cabo polo Galo, pois estivo dende o inicio da súa creación axudando nas actividades desenvolvidas, intervindo en moitas delas e termando de que non se perdesse o rumbo do que se perseguía, é dicir: a dignificación de Galiza e do seu idioma.

Entre as múltiples actividades culturais fixéronse conferencias sobor da economía de Galiza, mesas redondas encol de distintos aspectos da lingua, literatura e cultura galegas, e clases de gaita chegando incluso a ter un fondo de gaitas doado gratuitamente polo gaiteiro compostelán Basilio Carril, que o mesmo tempo era quen impartía as clases para os socios, actuacións todas elas que tiñan a súa razón de ser na resistencia nacionalista, e fundamentalmente na reivindicación dunha lingua preterida e menosprezada polos propios habitantes de Galiza.

Vou centrarme unicamente nalgúns dos aspectos máis salientables ou menos coñecidos dos que aínda me podo lembrar malia o paso do tempo, pro que tiveron algunha relevancia e nos que O Galo participou activamente.



© Arquivo persoal de Luz Rei e Xesús Sanxuás

Peregrinación a Compostela organizada polas asociacións culturais en defensa da liturxia en galego. Santiago de Compostela, 1965

Entre outros están presentes de diante a atrás: Blanca Caamaño, Geluca Mariño Sieiro, Xesús Sanxuás, Luz Rei, Ana Muíño, Carme Ríos Panise, Elena López Prado, Octavio Sanmartín, Emilio Muñiz, Álvarez Santullano, Manoli Corral, Juani de Castro, Rodríguez Pardo, Paz Camps, Xan María de Castro, Manuel Caamaño, Rosa, Eduardo Martínez Suárez, Xesús García Devesa, Ramiro Cartelle, Leopoldo Rodríguez Regueira, Xosé Miguel Harguindey, Xosé María Calviño, Tino Rodríguez Caamaño.

«En 1965, aproveitando o Ano Santo, decidimos facer unha demostración de forza galeguista programando unha peregrinación do que se chamaría A Mocidade Galega Católica»

En primeiro termo penso que cómpre subliñar a protesta feita publicamente polos socios d'O Galo que asistiron maioritariamente á conferencia que como mantedor dos xogos florais ía dar Blas Piñar na sala de exposicións do Hostal dos Reis Católicos en 1965, co gallo de outorgarse os premios das Festas Minervais en castelán, euskera e catalán. No intre en que o mantedor dos xogos iniciou o seu discurso en castelán, os socios e socias d'O Galo sacaron respectivamente dos seus petos e bolsos unhas ras metálicas que afogaron o discurso do conferenciante, abandonado deseguido o lugar que ategado de asistentes ficou practicamente deserto de público. Esta foi, que eu saiba, a primeira protesta levada a cabo en pleno franquismo contra a exclusión do galego nun acto académico e oficial.

Dada a gran cantidade de socios novos que entraran nese 1964, deu comezo o que semellaba ser o máis urxente: impartir clases de galego, pois ningún de nós as recibira con anterioridade. As primeiras clases tiveron lugar no Padre Sarmiento onde Antón foi quizais cando practicou por primeira vez o que despois sería a súa total dedicación na vida: o ensino do noso idioma.

No curso seguinte as clases trasladáronse ó Colexio Minerva, sendo Vidán Torreira o encargado de impartilas. Estas clases de galego foron o precedente para que outras asociacións fixesen o mesmo e servían non só para coñecer e perfeccionar o idioma, senón tamén para sentirnos máis vencellados coa dignificación da lingua e coa loita identitaria.

Segundo ía pasando o tempo o réxime tamén ía cedendo, aínda que lenemente, no seu control absoluto en todos os eidos, e a cidadanía acadaba pouco a pouco pequenas conquistas que se ían fortalecendo

e semellaban un pequeno cambio do pensamento autoritario. Esas conquistas alumeaban o camiño para dar outra chancada na procura da resistencia identitaria, aínda que algunha vez houbera que detense ou mesmo frear algo do conquistado para coller novos pulos na loita polas liberdades.

Foi tamén neste ano 1964, cando o Sindicato Español Universitario (SEU) convocou un premio de teatro nas linguas do estado, agás o galego e decidimos protestar por esa exclusión. Porén unha tarde na Cafetería Alameda, o xornalista Fernández Ferreiro tivo a feliz idea de facer unha campaña de propaganda, que consistiría en pedir un peso co gallo de recoller fondos e convocar un premio de teatro en galego que se dotaría con 10 000 pts. A campaña levárona adiante as socias d'O Galo que cuns petos de barro recorreron as rúas compostelás pedindo un peso ó mesmo tempo que explicaban os motivos da petición. Fago fincapé neste aspecto de que foron as socias as que levaron o peso da campaña pois nesa época eran as mozas quen se ocupaban das distintas peticións que se facían nas rúas (Cruz Vermella, Domund, etc.).

Así foi como O Galo creou o Premio Castelao de Teatro Galego que se fallou en Santiago durante catro anos o 17 de maio, día das Letras Galegas, nunha cea no Hostal dos Reis Católicos onde se reunían practicamente todos os persoeiros do galeguismo sobreviventes da posguerra.

Foi o ano seguinte, en 1965, aproveitando o Ano Santo, cando no Galo decidimos facer unha demostración de forza galeguista programando unha peregrinación do que se chamaría A Mocidade Galega Católica. A idea era que as asociacións coas que tiñamos contacto, O Facho e a Cultural de Vigo,



Propaganda manual elaborada polo Galo para a campaña do peso polo teatro galego

nos concentrásemos en Compostela o 16 de maio co gallo de apertar á xerarquía e facerlle ver que cumpría que na liturxia fose empregado o galego.

Puxémonos en contacto co Facho que aceptaron inmediatamente e cando lles explicamos que o percorrido sería acompañado de gaitas, opuxéronse ás gaitas para que non se confundise a peregrinación da mocidade galega cun grupo folclórico da Sección Femenina da Falanxe. Estivemos varios días cavilando e ó final decidimos por unanimidade que o noso instrumento nacional tiña de ser dignificado e polo tanto que nos acompañaría no recorrido polas rúas compostelás na visita ó sepulcro do Apóstolo. Pouco faltou para que os compañeiros do Facho abandonasen a concentración e volvesen para A Cruña, pero ó final aceptaron como feito consumado a presenza das gaitas ó decatárense de que a peregrinación íase facer igual estivesen eles ou non. Así que o son das gaitas acompañounos no recorrido polas rúas ó mesmo tempo que cantabamos unha versión en galego do *Santo Adalid*.

A peregrinación ía precedida por unha auténtica obra de arte da autoría do pintor compostelán Paz Camps a quen eu lle pedira a súa colaboración, cousa que fixo xenerosamente confeccionando a bandeira galega e pintándolle o seu escudo. Esta bandeira estivo durante moito tempo exposta na primeira ringleira do altar maior da catedral, que se non foi destruída pagaría a pena recuperar polo que tiña de valor tanto artístico como histórico.

Non tivo ningunha incidencia na Igrexa esta peregrinación, pois o castelán seguía a ser o idioma empregado nos oficios polos cregos, a xerarquía seguía reticente, non se quería involucrar no uso do galego, xa que se atopaba cómoda e ben instalada

no idioma do imperio, todo o contrario do que fixeran os bispos vascos e cataláns que en 1965 trocaron o latín pola súa propia lingua vernácula mentres que os galegos ignoraron a lingua galega e non aprobarían o seu uso até 1969.

Ante esta situación Vidán Torreira andaba á procura de métodos que puidesen influír na xerarquía eclesiástica para que mudasen o rumbo, e por exemplo propuxo que dende as distintas aldeas e vilas de Galicia saíse todos os días algún mozo pertencente á Mocidade Galega Católica en peregrinación a Compostela para que o reflectisen os xornais. Tamén dicía que ía falar co cardeal Quiroga Palacios para que o galego fose empregado nos oficios relixiosos, en caso contrario abrazaría o protestantismo pois segundo dicía era máis proclive ó uso do galego. Da peregrinación a Compostela dende as distintas vilas de Galicia por parte de membros illados da Mocidade Galega Católica non houbo res de res, e da conversión de Vidán Torreira ó protestantismo ignóroo, aínda que penso que pasou outro tanto.

Sobor do acadado naquelas datas no referente o uso do idioma pola xerarquía, que eu saiba, só

**«O Galo procuraba
abranguer actividades
de todo tipo, non só
culturais e de resistencia,
senón tamén de lecer,
recoñecemento e
respecto da cultura
popular galega»**



Varios socios do Galo, entre eles García Bodaño, nas festas da Ascensión de Compostela. Alameda de Compostela, anos 60. Fotografía publicada no libro *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*

se conseguiu que ó ano seguinte o cardeal Quiroga no día das letras galegas rezase en galego unhas oracións diante do cadaleito de Rosalía. Houbo que agardar até o ano 1969 para que a Igrexa aprobase o uso do galego na liturxia, catro anos máis tarde da primeira misa que se celebrou en galego en Bos Aires, o 25 de Xullo na honra de Castelao.

O Galo tivo incidencia na vida cultural na mocidade universitaria non só a través das actividades culturais e de protesta e concienciación relatadas, se non tamén na vida diaria, por exemplo moitos seráns á hora de tomar as cuncas xuntábanse nas tabernas moitos socios e socias para recuperar cancións populares que falaban dos cregos, dos seus sobriños, das mozas solteiras e de toda caste de costumes do pobo. Cancións e letras que se ían perdendo pero que eles recuperaban e poñían en valor.

O Galo por tanto procuraba abranguer actividades de todo tipo, non só culturais e de resistencia fronte ó que hoxe chamariamos españolismo, senón tamén de lecer, recoñecemento e respecto da cultura popular galega.

Non quero deixar de recordar un feito espontáneo de agradecemento e respecto cara D.^a Virxinia Pereira, viúva do senlleiro e insigne patriota Castelao, pois coñecedores por casualidade de que D.^a Virxinia ía pasar por Santiago procedente da Cruña, Elena López Prado lémbreme que organizamos unha recepción de benvida na estación de ferrocarril, onde me tocou a min subir ó tren e ofrecerlle un ramo de flores como agasallo e profundo respecto da mocidade galeguista a tan egrexia dama.

D.^a Virxinia morrería catro anos despois en 1969 na Estrada, onde está soterrada, esquecida practicamente de todos agás que eu saiba por tres

galeguistas que en 1968 se achegaron á Estrada onde vivía na casa da súa cuñada, para saúdala e mostrarlle o seu respecto: por unha banda Isaac Díaz Pardo que levou a Ferrín, xa que este ía desprazarse a Bos Aires e Montevideo para entrevistarse co Consello de Galiza, e por outra banda tamén o xornalista e correspondente de *El Correo Gallego* na Estrada, Porto Matalobos, xornalista co que eu tiña boa relación pola súa ideoloxía galeguista e de defensa do idioma.

Lembra Ferrín que D.^a Virxinia falaba galego e que cando se refería á república chamáballe «os nosos». No intre do seu pasamento, fixeron a necrolóxica para os xornais de Galicia Francisco del Riego e Méndez Ferrín, eles mandáronlla a Rodríguez Pardo á Cruña e á xente do Partido Socialista Galego (PSG) para que se encargasen da súa publicación, cousa que así fixeron sen contar coa aquiescencia de Ramón Piñeiro.

Estes foron algúns dos labores levados a cabo polo Galo, tarefas que hoxe poden semellar cativas, sen importancia, ou mesmo nalgúns casos banais pero hai que situarse no contexto histórico cando un galeguismo esmagado pola Guerra Civil e cheo de medo, empezaba timidamente a rexurdir. Ademais, esas actividades fixéronse baixo unha férrea ditadura militar que non dubidaba en mandar á cadea a quen se lle enfrontase ou se facía falla incluso ó pelotón de fusilamento. Non hai que esquecer que un pouco antes de morrer, Franco aínda tiña azos dabondo «sen que lle tremese a man» para mandar fusilar a dous galegos e tres vascos.

Afortunadamente para todos O Galo sigue adiante cantando forte e rexo na súa andaina cara o amencer que algún día agardamos que chegue. ●